




LOS MECENAS SON LOS PADRES



UN ROLO DE PAPEL CONTINUO

Un Rolo de Papel Continuo é un proxecto coral no que participan seis artistas vinculados, ben como profesores -Nono Bandera-, ou antigos estudantes -Marcos Covelo, Nuria Figueiredo, Berto Fojo, Julia Huete e Natalia Umpiérrez- á Facultade de Belas Artes de Pontevedra (Universidade de Vigo). Poderíamos citar numerosos referentes que nos serviron de estímulo á hora de plantexar o proxecto. O exemplo do cadáver exquisito surrealista é sen dúbida unha cita ineludible, ou aquela experiencia mítica titulada *Meet the artist: The First Collaboration by Phenomenal Pop Combo, George, Paul and Dinos* que, no ano 2006, conseguiu unir aos nosos admirados Jake and Dinos Champan, Paul McCarthy e George Condo na creación conxunta, ao longo dun ano, de oito pinturas e un set de gravados memorables. Que nos impulsou á hora de articular o proxecto? Sobre todo o reto de traballar conxuntamente e intercambiar experiencias, a curiosidade por observar o avance duns resultados cuxo rumbo non estaba milimétricamente calculado, a xenerosidade entre artistas heteroxéneos que se admiran e son capaces de tolerar as intromisións do outro, posto que, a pesar das interferencias, a personalidade individual permanece intacta.

En canto á selección dos artistas participantes, non primou tanto a procura dunha coherencia estilística, como o poñer en común conceptos e intereses en aparencia inco nexos. A traxectoria de Nono Bandera, profesor do Dpto. de Debuxo da Facultade de Belas Artes (Universidade de Vigo), transcorreu dentro dun apropiacionismo calculado -e gamberro- que foi recoñecido en multitude de contextos, e forma parte da colección de prestixiosos museos. A súa experiencia nunca foi un obstáculo para implicarse en iniciativas que lle supuxesen un reto. Exemplo do dito é a exposición *Sin respeto* celebrada na Galería Combustión Espontánea de Madrid o pasado mes de setembro (2016), xunto con Julio Falagán, Carlos G. Boy e Marcos Covelo. Un proxecto colaborativo no que, ademais das intervencións individuais, mostrábanse catro cadernos realizados conxuntamente en sucesivas etapas. Precisamente recorremos a outro dos artistas participantes en *Sin respeto*, Marcos Covelo, e ás súas indagacións sobre os límites da pintura, para reflexionar sobre a capacidade desta para coordinar espazos e xerar diálogos máis aló dos soportes tradicionais. Diálogos non exentos de socarronería que demandan novas maneiras de aproximarse á arte, como quedou de manifesto na exposición individual *The answers are blowing in the wind* celebrada na Fundación RAC (Pontevedra, 2015). O debuxo ocupa un lugar central na articulación do proxecto, de feito é a ferramenta que manexan de maneira habitual Natalia Umpiérrez, Nuria Figueiredo, Julia Huete ou Berto Fojo. Con todo non se trata dun debuxo

ao uso interesado na perfección formal ou academicista, co que se adoita relacionar a ilustración ou o cómic tradicional. Xa sexa en ilustracións, fanzines, cómics ou tecidos, Natalia, Nuria, Julia e Berto, afástanse dos circuitos tradicionais para construír un imaxinario voluntariamente imperfecto, que se alimenta de fontes alternativas enraizadas na cultura popular, a arte outsider, o punk, o rock & roll ou o grafiti. A traxectoria de Natalia, Nuria, Julia e Berto reflicten unha realidade -ata certo punto descoñecida e tópica-, relacionada co perfil profesional dos egresados na Facultade de Belas Artes. Un perfil preparado para abordar disciplinas heteroxéneas como a autoedición, o fanzine, a ilustración, o cómic, a escultura de pequeno formato, a cerámica ou a estampaxe téxtil, motivando a un público alternativo e interesado noutras formas de consumir e coleccionar arte. As experiencias desenvolvidas por Berto Fojo, Natalia Umpiérrez e Nuria Figueiredo no Liceo Mutante infórmanos da súa capacidade para participar da autoxestión nun espazo creativo no que a experimentación e a transformación socio-cultural van da man. Remato agradecéndonlles a tod@s @s artist@s a súa implicación neste proxecto que comezou na Sala X da Facultade de Belas Artes de Pontevedra e que, grazas á xenerosidade e implicación de A Fundación (Abanca), permitenos visibilizar a nosa creatividade itinerando a dúas das súas sedes emblemáticas en Vigo e A Coruña.

BERTO FOJO (Pontevedra, 1982)

Berto Fojo vive e traballa en Pontevedra onde compaxina a arte, a música e o ensino. Finalizou os seus estudos de Belas Artes na Universidade de Vigo (2006), trasladándose posteriormente a Madrid onde cursou un Master en Deseño na Universidade Complutense de Madrid (2009). Do seu paso pola Facultade recorda aos compañeiros que lle tocaron en sorte, os traballos cutres, as risas, a chaladura, as explosións, os partidos de fútbol nos corredores, as bromas, os perfos con vocación e o Schweppes Citrus. O traballo de Berto céntrase principalmente na ilustración, disciplina que complementa coa pintura, o debuxo, a creación de personaxes e caricaturas, o deseño e o ensino. Ante a pregunta de cómo se definiría, Berto responde: “como un artista pobre de provincias en fase de expansión”. A ironía e o humor forman parte da traxectoria deste artista capaz de crear unha iconografía propia coa que seduce a miles de seguidores de todo o mundo. Pero Berto é moito máis. Forma parte de dúas bandas de música -Djalminha e Cuchillo de Fuego, onde toca a batería-, encargándose tamén dalgunhas das súas portadas. Destacable é tamén o seu papel como dinamizador cultural e a súa implicación, activa e ideolóxica, no espazo colectivo de creación Liceo Mutante. Recentemente, e xunto con Natalia Umpiérrez, Nuria Figueiredo e Jaime Olmedo, fundou Estudio Pacheco, unha antiga floristería en pleno centro de Pontevedra, transformada nun espazo de traballo

colaborativo para a creación, o coñecemento e o intercambio de ideas. A obra de Berto foi exposta en mostras individuais e colectivas en galerías e espazos alternativos en lugares como Nova York, Berlín, Londres, Portland, Helsinki, Madrid ou Barcelona. Así mesmo os seus traballos son publicados regularmente en diferentes fanzines, libros, cómics, revistas e xornais, destacando as ilustracións realizadas recentemente para Icon ou Tentaciones e publicacións como *Nados Mortos* (Valley Cruise Press, Los Ángeles) ou *POIO* (SSE Project, Seúl).

JULIA HUETE (Ourense, 1990)

Graduada na Facultade de Belas Artes (Pontevedra, 2012), Julia resume a súa experiencia na mesma como unha segunda adolescencia moi fructífera, rodeada de xente e sucesos estimulantes. Recorda todas as brevas que lle caeron, as cousas das que renegaba e soubo ir aceptando, aprendendo, en suma, a non rexeitar nada en primeira instancia, incluso os erros. Se facemos caso ás definicións de convocatorias e formularios, podemos clasificala de artista emerxente, término que a desconcerta, pero que lle permite seguir experimentando en moitos campos, polo menos ata que sexa considerada “institucionalmente” madura. Á hora de definirse artisticamente Julia supón que a súa obra é feminina, un pouco abstracta, infantil e con algunha reminiscencia poética. Nos últimos anos centrou as súas enerxías no

campo da ilustración e o textil. Comparte con Óscar Raña a firma Hola Humano, desde a que editan fanzines e todo tipo de merchandising. *Gran Danés* (2016) é o seu segundo proxecto publicado na editorial independente Fosfatina, para a que xa creara *El jardín devastado/Los incapaces* no 2015. É membra fundadora do fanzine TAIGA (2015), e colaboradora habitual con editoriais, como a canadense DOGG ou a viguesa Elvira. Participou en exposicións colectivas en México (*El fin del mundo*, 2012), Pontevedra (*Do comezo e do final*, 2013), Barcelona (*Sarao Seara*, 2015), Copenhague (*Cheap*, 2016), ou Madrid (*Animal Collective*, 2016), entre outras. Aínda que á hora de citar proxectos ilusionantes, Julia prefire sinalar que o que máis lle satisfai é comprobar como estes foron madurando e encaixando en contextos diferentes.

MARCOS COVELO (Vigo, 1985)

Marcos iniciou os seus estudos na Facultade de Belas Artes de Altea, continuounos en Pontevedra, Kingston e Berlín, licenciándose na Facultade de Belas Artes de Barcelona (2010). Completou os seus estudos coa realización do Máster de Arte Contemporáneo. Creación e Investigación da Universidade de Vigo. Cando lle preguntas sobre o máis destacable da súa carreira, Marcos responde que os compañeiros e os profesores, polo diálogo e o intercambio nutritivo de ideas. Considera que ter desenvolvido os seus estudos en contextos universitarios nacionais e internacionais, foi decisivo non só para o enriquecemento da

súa formación académica senón tamén como experiencia vivencial, cultural e artística. Comenta con certa resignación a falta de regulación do grao en Belas Artes -fora dos ámbitos académicos e institucionais- para evitar caer na banalidade e acabar sendo un simple decorador de interiores. Entre os proxectos dos que se sinte máis orgulloso citar *The answers are blowing in the wind*, a individual que lle adicou a Fundación RAC (Pontevedra, 2015). Recentemente formou parte de varias exposicións tanto individuais como colectivas entre as que destacan: *Alrededor de una pasión*, no Centro Huarte (Pamplona, 2015); *Sin respeto*, xunto con Nono Bandera, Julio Falagán e Carlos G. Boy, na Galería Combustión Espontánea (Madrid, 2016) ou a 14ª Mostra de Arte Gas Natural Fenosa, no MAC (A Coruña, 2016).

NATALIA UMPIÉRREZ (Pontevedra, 1982)

Licenciada na Facultade de Belas Artes de Pontevedra (2007), Natalia Umpiérrez defínese como unha artista eclética, infantil e máxica. Do seu paso pola Facultade estraña as amizades e o divertido e inspirador que foi compartir experiencias con elas. Foi precisamente naqueles anos cando formou parte de colectivos como Pinguino No Sé, caracterizado polas performances destroye e a diversión a moreas. Pouco despois o grupo transformáriase nas Pingüinas, formando parella artística con Sara García. Interesada no mundo da ilustración, realizou o Máster en Ilustración e Animación da

Universidade de Vigo, consolidando a súa faceta como ilustradora infantil e participando en proxectos entre os que destacan títulos como *Cuando Ana adoptó a Perico* (2015) e *Imaginar animales imaginarios* (2016), ambos publicados pola editorial Lobito Bueno. Sen embargo, os intereses de Natalia van máis aló do ámbito da ilustración: nunca deixou de debuxar e experimentar con distintas técnicas como o óleo, o guasch, rotuladores ou mesmo o collage. De feito, nunha exposición recente no espazo Vai Vai Mr. Can de Ourense, Natalia presentou, xunto cun conxunto de debuxos e ilustracións en papel, esculturas realizadas en cerámica, soporte co que se atopa traballando últimamente.

Unha das súas principais fontes de inspiración é internet e as súas paisaxes pobladas de imaxes icónicas da cultura popular, imaxes que Natalia transforma e personaliza, ofrecéndonos un imaxinario fantástico de símbolos que a particularizan artisticamente. Partindo precisamente de imaxes atopadas na rede, realizou no Centro Torrente Ballester de Ferrol a exposición de debuxos *Cando se leva no sangue*. Igualmente Natalia séntese cómoda traballando a auto-edición, os fanzines e o DIY, participando na edición de Fanzines míticos como *Devino Tesoro*, xunto con Berto Fojo e Carleti López (2007) ou a súa implicación na organización das cinco edicións -tamén xunto a Berto- das Xornadas de Autoedición do Liceo Mutante, un espazo auto xestionado para a creación, a experimentación e a transformación socio-cultural. Na actualidade Natalia forma parte de Estudio

Pacheco, espazo de creación multidisciplinar que comparte con Berto Fojo, Nuria Figueiredo e Jaime Olmedo.

NURIA FIGUEIREDO (Ourense, 1986)

Nuria Figueiredo é unha artista multidisciplinar que vive e traballa en Pontevedra, onde forma parte do Estudio Pacheco, xunto con Berto Fojo, Jaime Olmedo e Natalia Umpiérrez. Matriciúlase na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, onde cursa os tres primeiros anos, licenciándose na Escola de Belas Artes de Bilbao no ano 2010. Nuria recorda divertida o seu paso pola Facultade: como exprimia o enxeño á hora de desenvolver proxectos, experiencia que lle serviu para diversificarse profesionalmente e afrontar con valentía diferentes disciplinas: a ilustración, o debuxo, a estampación e o deseño textil, a pintura e ata a cerámica, técnica coa que se atopa experimentando na actualidade. O seu perfil creativo encaixa á perfección co dunha persoa inqueda, tal e como á propia Nuria gustalle definirse. Entre os proxectos dos que se sente máis orgullosa destaca A Fabriquería (Tui), unha mestura de taller e espazo creativo do que formou parte e no que se ofertaban actividades culturais, concertos, talleres, etc.; entusiásmalle o mundo do fanzine, no que desenvolve un imaxinario plástico e narrativo moi particular; enorgullecese de colaborar no deseño de carteis e elementos visuais do Liceo Mutante; e tamén das súas pinturas e estampados. Sobre a estampación e o deseño textil, sinalar

que son disciplinas nas que Nuria se sente moi a gusto, entendendo ambas non como algo suplementario, senón como complementos fundamentais da súa práctica artística, continuando a tradición de artistas que, como Sonia Delaunay, Dufy, Picasso, Miro ou Warhol, souberon ir máis aló dos límites das súas propias disciplinas. Como aqueles, Nuria fai extensible o seu talento creativo a todo tipo de soportes: tecidos, vestidos, camisas, pañoletas, sudaderas, camisetas, broches... Recentemente a editorial madrileña Ultrarradio publicou *Nomeolvides*, a súa primeira novela gráfica.

NONO BANDERA (Málaga, 1958)

Nono Bandera licenciouse na Facultade de Belas Artes da Universidade Complutense de Madrid no ano 1982. A súa chegada como profesor na Facultade de Belas Artes de Pontevedra, no ano 1992, recordaa como unha mezcla de pouca experiencia e grande motivación. Confesa ter feito bos amigos entre o profesorado, e tamén cun grupo de alumn@s que se dedican a iso que chamamos arte. É consciente de que a brecha xeracional agrándase cada ano, o cal esixe amplitud de miras e adaptabilidade. Segundo Nono, unha das mellores cousas da docencia na Facultade é que o tempo encárgase de subvertir a relación -ás veces distante- entre profesor e alumno. Pero sen dúbida o que máis valora é a amizade. Nunca se considerou un profesor que imparte cátedra sobre ideas e

Comisaria **Susana Cendán**

Texto e biografías **Susana Cendán**

Deseño e maquetación **Natalia Umpiérrez e Berto Fojo (Estudio Pacheco)**

Edita **Servizo de Investigación. Universidade de Vigo**

Impresión **Gráficas Anduriña** ISBN 978-84-8158-756-2 Depósito Legal VG 686-2017

Itinerancias **Sala X. Facultade de Belas Artes. Pontevedra.** Do 12 de xaneiro ao 12 de febreiro de 2017 **Sede A Fundación Vigo** Do 7 ao 28 de setembro de 2017 **Sede A Fundación A Coruña** Do 14 de decembro de 2017 ao 13 de xaneiro de 2018

Facultade de Belas Artes **Universidade de Vigo** **//Afundación** Obra Social ABANCA